

**Nota de prensa  
do SLG**

**17-10-2008**

**Isabel Vilalba e Xosé Ramón Cendán  
representan ao SLG na  
V Conferencia da Vía Campesina  
que se celebra en Monzambique do 16 ao 23 de outubro**

Onte deu comezo a **V Conferencia da Vía Campesina** en Maputo, Mozambique. Participarán nela preto de 500 delegadas e delegados de todas as rexións, incluíndo unhas/uns 60 delegadas/os europeas/os aproximadamente.



Isabel Vilalba, Secretaria de Soberanía Alimentar e responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, canda Xosé Ramón Cendán, Secretario de Relacións internacionais do SLG, atópanse xa en Maputo representando ao Sindicato Labrego, integrante da delegación correspondente á rexión europea.

A Conferencia Internacional é a **asamblea principal da Vía Campesina**, que ten lugar cada **catro anos**. É un espazo onde se adoptan de forma colectiva as grandes decisións políticas e de organización.

As e os delegados analizarán a situación actual e debatirán as futuras liñas de acción. A organización anfitriona do evento é a UNAC, Unión Nacional de Campesinos de Mozambique.

## Programa

16-17 outubro: Asamblea de xóvenes

17-18 outubro: Asamblea de mulleres

1. 19-22 outubro: Asamblea interna/xeral

23-23 outubro: Asamblea Aberta coa participación de aliados da V.C.

O Sindicato Labrego Galego forma parte da organización internacional Vía Campesina dende a súa creación no 1992, atopándonos agora incluídas/os na recentemente creada Coordinadora Europea Vía Campesina.

Ademais, dende a **IV Conferencia da Vía Campesina**, Lidia Senra Rodríguez -Secretaria de Organización do SLG- formou parte da **Comisión Internacional de Mulleres da Vía Campesina** en representación da rexión de Europa, responsabilidade que finaliza neste ano.



Moitas grazas pela vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Isabel Vilalba, Secretaria de Soberanía Alimentar e Responsábel da Secretaria das Mulleres,

**TLF:608 905 444**

Xosé Ramón Cendán, Secretario de Relacións Internacionais do SLG,

**TLF: 619 900 002**

[www.viacampesina.net](http://www.viacampesina.net)

■ Ámbolos dous teléfonos están habilitados para poder recibir as chamadas dende Galiza sen necesidade de prefixos. Se tendes algún problema para contactar, non dubidedes en poñervos en contacto connosco.



■ La Vía Campesina é un movemento internacional e intercultural que coordina organizacións nacionais e rexionais de labregas/os, mulleres rurais, labregas/os sen terra, traballadores/as agrícolas, pobos indíxenas, migrantes e labregas/os que traballan na pesca ou na artesanía. É un movemento autónomo, multicultural, pluriétnico e pluralista.

■ Dende a súa creación fai 15 anos, La Vía Campesina converteuse na primeira e máis importante rede mundial de persoas labregas, camponesas e pequenas produtoras de alimentos, unha voz cada vez máis presente na opinión pública internacional e nos foros internacionais como a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) en Roma e o Consello dos Dereitos Humanos en Xenebra. La Vía Campesina ten un importante recoñecemento entre as redes antiglobalización e outros movementos sociais, convidados a participar en Maputo.

■ La estructura da Vía Campesina componse da Conferencia Internacional, a Comisión Coordinadora Internacional (CCI), as Rexións, as Comisións Internacionais de Traballo e as Organizacións Membro.

■ A Conferencia Internacional de La Vía Campesina é a máxima instancia de decisión e convócase unha vez cada catro anos. Os/as participantes son delegados/as das organizacións membro de cada unha das rexións.

■ Rexións representadas: Norteamérica, Centroamérica, Caribe, América do Sur, Europa, Asia do sur, Asia do surlleste e leste, África.

### Requisitos para a integración en La Vía Campesina

- Ser unha organización de persoas que traballen a terra: labregos/as, campesinos/as sen terra, traballadores/as agrícolas. Estas organizacións poden, ao mesmo tempo, ser organizacións de pobos indíxenas-orixenarios, mulleres, migrantes, etc.
- Ser una organización de loita.
- Loitar contra o modelo capitalista neoliberal, as súas políticas e institucións.
- Ser autónoma e independente respecto a partidos políticos.
- Ser unha organización con base social e representatividade social.
- A organización non debe formar parte doutra articulación campesina-agrícola internacional.

As persoas das organizacións membro da Vía Campesina que teñan cargos públicos, escano parlamentar ou dirixan un partido político non poderán ter cargos en La Vía Campesina o representar á Vía Campesina, por unha cuestión de dobre función e polo principio de autonomía do movemento.